

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 22 DE MARZO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintedous de Marzo de mil novecentos noventa e tres; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Coma Secretario accidental actúa Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno presta a súa unánime aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 15 de Marzo corrente.

2.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Visto o escrito de Dona Susana Patricia Ríos de González, representante de AIXIÑA, con domicilio na rúa Peña Trevinca, 32, baixo, de Ourense, no que prega unha axuda económica para a adquisición dunha vivenda para unha mellor atención das persoas con minusvalía física, a Comisión de Goberno acorda comunicar á interesada que neste intre o Concello está a traballar co Orzamento prorrogado do ano 1992, no cal non hai crédito para esta clase de atencións; nembargantes, e sen que isto supoña calquera presunción, cando estea aprobado o Orzamento do ano 1993 será o momento oportuno para considerar esta clase de peticións de axudas.

3.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Visto o escrito nº 680, de data 15 de Marzo corrente da Recadación Executiva nº 32/010, de Ourense, con domicilio na rúa Habana, 15, entrechán, no cal comunícase a existencia dun expediente administrativo de apremio, nº 90/1107, aberto contra

Construccións P.F. Rios S.L., de data 12 de Marzo corrente sobre ampliación de embargo de certificación de obra, segundo o seguinte detalle: principal reclamado, 29.004.883 pesetas; recargo, 5.800.970 pesetas; total, 34.805.853 pesetas; a Comisión de Goberno toma nota desta cédula de notificación ós efectos legais correspondentes.

Toma coñecemento a Comisión de Goberno dun escrito da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro no cal se interesa o aboamento das cantidades pendentes a cargo deste Concello a prol da devandita Mancomunidade, segundo a liquidación do custo dos servizos mancomunados do exercicio de 1992.

Tamén toma coñecemento a Comisión dun escrito da Deputación Provincial, sobre prórroga para a execución das obras de "Saneamento en Chavolas e outros", nº 45/91 do Plano Operativo Local.

En relación cun escrito do Sr. Aparellador Municipal, de data 16 de Marzo, a Comisión de Goberno acorda pór a disposición do mesmo tódolos documentos que cuide axeitados relacionados co expediente de venda de flores a instancia de Brotes S.A.T., para que, previa selección, fotocopie de xeito compulsado os que lle interesen.

4.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Visto o escrito do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, con domicilio no Polígono de Elviña, parcela A-45, edificio Belén, na Coruña, que fai referencia ó expediente 12840, de proxecto de Normas Subsidiarias de Planeamento, reclamando uns honorarios por importe de 137.630 pesetas, a prol do Enxeñeiro de Camiños Don Xosé M. Iglesias Sánchez, esta Comisión de Goberno amosa o seu descoñecemento sobre esta cuestión, tendo en conta que os traballos de referencia remataron no ano 1986, coidando que os aboamentos de honorarios xa se realizaron no seu día, salvo mellor comprobación.

A Comisión de Goberno presta aprobación ós seguintes aboamentos, que serán efectivos cando as dispoñibilidades económicas do Concello así o permitan:

28.500 pesetas a prol do Sr. Alcalde pola súa viaxe a Madrid para xestións perante o Ministerio de Xustiza.

Aboamento de 75.000 pesetas ó Club de Fútbol Veteranos do

Ribeiro, co gallo das obras levadas a cabo no acondicionamento dos Vestiarios do Campo de Fútbol de San Cristovo.

890.310 pesetas, a Unión Fenosa, importe da subministración de enerxía para o alumado público no mes de Xaneiro de 1993.

A Comisión de Goberno tamén presta aprobación a unha relación de importes pola subministración de auga para data-los mesmos segundo a relación que se acha no expediente, comprensiva dos anos 1989, 1990, e 1991, segundo os acordos sobre o particular do 22 de Febreiro e 27 de Xullo de 1991, por un importe total de 3.129.400 pesetas, a cal relación comeza con Ribacar S.A., no ano 1989, e remata con Estévez González Evencio, no ano 1991.

5.- PETICIONS DE CURSIÑOS DE FORMACION OCUPACIONAL.-

A Comisión de Goberno, ó abeiro do sinalado na Orde do 28 de Xaneiro de 1993, pola que se establecen liñas de actuación e estímulo á formación ocupacional, e segundo a delegación de competencias outorgada polo Pleno acorda pedir á Dirección Xeral de Traballo e Formación de Emprego o desenvolvemento dos seguintes cursos de formación ocupacional, achegando os documentos que se sinalan no artigo 6 da devandita Orde: Albanelería, Xardinería, Protección Civil, Corte e Confección, Enoloxía, e Pintura e Decoración, facuntándose ó Sr. Alcalde para asina-las correspondentes solicitudes.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

E sendo as oito menos cuarto do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.-